

Igrexa Parroquial de Santa María

040297

Datos de Localización

Igrexa

Nomenclator:	3206704
Coord. UTM:	X: 594162 Y: 4662186
Concello:	Rairiz de Veiga
Parroquia:	LAMPAZA
Lugar:	Lampaza
Tipoloxía:	Arquitectura Religiosa
Tipo:	Igrexas
Subtipo:	Igrexa



Denominación: Igrexa Parroquial de Santa María

Etapa Histórica: Idade Moderna

Estilo relevante Barroco

Outros Estilos:

Descrición:

Igrexa de planta rectangular, dunha soa nave e cabeceira destacada en alzado. Muros de perpiaño regular articulados por pilastras. No acornisamento, dobres remates de semiesferas, conos e bolas. Na fachada, porta alintelada e enmarcada con moldura acovadada nos ángulos; sobre ela, fornela avenerada coa imaxe da Virxe da Asunción e un van de arco de medio punto, na cornisa reloxo de sol circular. Rematando a fachada, espadana de dous corpos, separados por un acornisamento con pináculos nos extremos. O corpo inferior, de vans xemelgos e con pilastras adosadas, prolóngase en soportal hacia a nave. O superior é dun só arco e remata nunha cruz de ferro flanqueada por pináculos.

Foi concluída a fábrica do edificio en 1655-1656. O retablo maior é de 1761, dos escultores Xacinto Martínez e Bieito Fernández con imaxes da Asunción, San Rosendo, San Xosé, San Francisco e relevos coas imaxes de San Pedro e San Pablo. Ten cruz procesional do século XVIII e un conxunto de pezas punzonadas polo plateiro do século XVIII, Carlos Feijoo y Lizana. Ten cruz parroquial coa inscrición: "ME FECIT MANSILLA EN Vª Nª SANTA MARÍA DE LAMPAZA" no ano 1697.

BIBLIOGRAFÍA:

-FERNÁNDEZ OTERO, José carlos, *Apuntes para el Inventario del Mobiliario Litúrgico de la Diócesis de Orense*. Fundación Barrié de la Maza, Pontevedra, 1983, p. 221.

-JUANA, Jesús de (Dir.), *A Alta Limia (A Terra que medrou vencellada a unha Lagoa)*. Editorial Ir Indo. Vigo, 1993, p. 98.

DOCUMENTACIÓN:

-Fichas del *Inventario del Patrimonio Arquitectónico de Interés Histórico Artístico*. Ministerio de Cultura, 1979.

Características Construtivas

Plantas: Baixo

Edif. Anexas:

Mat. Fachada: Granito
Mat. Estrutura: Granito, madeira
Mat. Cuberta: Madeira, tella

Elementos singulare**Construtivos:****Decorativos:****Delimitación do Ben e da contorna****Situación:** Outros**Area de Protección:** 100 m.**Protección****Tipo de ben:** Inventariado**Proposta de tipo de ben:****Estado de Tramitación:** Declarado**Nivel de Protección Arq.:** Integral**Proposta Nivel de Protección Arq.****Grao de Protección Arq.:** ----**Proposta Grao de Protección Arq.** ----**Xustificación da Protección:****Titularidade****Polígono:****Parcela:****Conservación-Intervención****Estado de Conservació** Bo**Uso Actual:** Relixioso**Alteracións Morfolóxicas****Tipo:****Data:****Descrición:****Proxecto:****Axentes:****Observacións:****Bens Mobles**









